

1. A “Peña Cicloturista Castro Barbudo”, en diante Peña, xunto co **Concello de Rianxo**, en diante Concello, organiza a “**IV Marcha BTT Concello de Rianxo**” e simultaneamente unha **andaina** que se celebrará o día **Domingo, 21 de febreiro de 2016** con saída e chegada no relleno do porto a escasos metros do concello. A saída darase as 09:30 horas.
2. A rota encadrase como proba de Cicloturismo-BTT / andaina sendo un exercicio físico con fines de ocio, turístico ou cultural, excluindo expresamente a competición.
3. Tódolos participantes consideraranse en excursión persoal, debendo aterse as normas do vixente código de circulación, considerándose persoalmente responsables das infraccións que cometan. Cabe resaltar que a circulación de vehículos e persoas non estará cortada polo que os participantes deben extremar a precaución en cruces coas estradas e zonas habitadas.
4. A idade mínima para poder participar na marcha, será de 18 anos. Os que teñan 16 anos ou mais, poderán participar cunha autorización asinada polo pai, nai ou titor.
5. A organización non se fai responsable de ningún accidente do que poida ser causa ou vítima o participante durante a marcha, como tampouco se fai responsable dos gastos ou débedas que puidera contraer durante o percorrido.
6. Será imprescindible para participar na marcha BTT, o uso do casco .
7. So será considerado participante da “**IV Marcha BTT Concello de Rianxo**”, a persoa que cumprimente total e correctamente a inscrición mediante a páxina <http://emesports.es/>
8. As comunicacións realizaranse pola páxina da peña: www.castrobarbudo.com o polo facebook: <https://www.facebook.com/castrobarbudo>
9. O prezo da inscrición será de **8 €** para todos os participantes que deberá pagan no momento de facer a inscrición.
10. O límite máximo de participantes son: **600 para BTT e 100 para a Andaina**
11. As inscricións consideraranse definitivas polo que, unha vez rematado o prazo de inscrición e no caso de non poder participar non se realizará a devolución do importe da mesma.
12. As inscricións abriranse o día 11 de xaneiro de 2016 e pecharanse o día 17 de febreiro de 2016 ou cando a Organización o estime oportuno en función do número máximo de inscritos.
13. O participante coa súa inscrición manifesta encontrarse fisicamente apto para a proba.
14. Estableceranse puntos de control que estarán debidamente sinalizados onde se deberá pasar antes dunhas hora prefixada, en caso de superar os horarios a organización sinalará os camiños alternativos máis curtos que o principal.
15. A organización disporá durante o transcurso da marcha dos servizos de Asistencia Sanitaria, Ambulancia e Protección Civil.
16. Disporase dun avituallamento líquido e sólido dentro do percorrido da marcha.
17. Haberá a disposición dos participantes un servizo de duchas e lavado de bicicletas o rematar a proba.
18. A Peña garante o pleno cumprimento da Ley Orgánica de Protección de Datos (LOPD), o inscrito queda informado e presta o seu consentimento para a incorporación dos seus datos os ficheiros automatizados existentes na Peña o tratamento dos mesmos para a súa utilización en relación con xestións administrativas ou comerciais. O inscrito pode exercer o seu dereito, mediante escrito dirixida a Peña, ó acceso, rectificación ou cancelación dos mesmos.
19. O feito de inscribirse na marcha, supón a aceptación do presente regulamento, e a renuncia a todos os dereitos contra a organización, sponsors e colaboradores, dos danos que poida sufrir no transcurso da mesma.
20. A actividade ten un seguro de responsabilidade civil con cobertura, por participante, de ata 12.000 € contra morte e invalidez e ata 6.000 € de asistencia sanitaria.